

Propiedades do texto: coherencia, cohesión e adecuación..

Exercicios autoavaliáveis (1).

1.- Identifica os esquemas de progresión nos seguintes fragmentos.

a) A casa grande é a vivenda rural completamente evolucionada e procedente directamente da *villa* romana. Coma ela, presenta unha economía pechada; isto é, é autosuficiente e conta con caseiros, traballadores e criados.

b) As dependencias da casa grande distribúense entre o primeiro piso e a planta terrea. A cociña encóntrase no primeiro andar; é a peza fundamental da casa. Normalmente esta dependencia é grande, con cheminea, mesa, bancos e tallos. As outras dependencias do primeiro andar están polo xeral coas trabes ao aire, as paredes branqueadas con cal e con máis e maiores ventás que nas outras casas. As dependencias da planta terrea destínanse aos usos máis variados: cortes para o gando, adega, lagar para a elaboración do viño... O alpendre sitúase no patio. A súa función primordial é a de gardar leña. O alpendre serve nalgunhas ocasións para a instalación do forno.

c) O acceso á casa realízase a través do patio. Este serve de punto de partida a unha escaleira, polo xeral de pedra, que conduce a un corredor. A este corredor ábreanse varias portas que comunican cos departamentos interiores. Estes, á súa vez presentan unha comunicación interior.

2.- Completa os enunciados coas preposicións e conxuncións necesarias para que presenten coherencia.

a) Deitei a nena creo que xa durmía cheguei ao final do corredor esta rapaciña queda durmida cunha facilidade extraordinaria.

b) Díxenlle ía facer algo para cear con el; el nunca me convidara a min. Eu non son rancoroso, dirixinme á cociña para comezar.

c) Comezaba a escurecer cando chegou; case se pode dicir que era xa noite el apareceu tan campante, a esas horas, despois de estar todo o día desaparecido, se nada. Cando o pai o viu do cariño que lle tiña, non puido evitar darlle unha labazada.

3.- Completa o texto cos procedementos de substitución léxica adecuados.

a) Un terremoto sacode Colombia co saldo de decenas de mortos. O forte que onte sacudiu Colombia tivo un saldo provisional de 16 mortos e centos de feridos. O produciuse ás 13h.45 hora local e tivo unha intensidade de 6,4 graos na escala de Richter.

b) Devolto ao mar un delfín que varou na praia da Lanzada. Un de algo máis dun metro de lonxitude foi devolto ao mar tras ser atopado varado na praia da Lanzada. O foi descuberto arredor das nove da mañá; só dúas horas despois era empurra-

do á auga por algúns veciños. O non lograba afastarse por si só da costa, polo que finalmente tivo que acabar sendo remolcado.

c) Táboas no derbi catalán. Un agresivo Espanyol e un Barcelona máis técnico asinaron xustas táboas no derbi disputado en Cornellá. Foi un partido no que os xogaron mellor o primeiro tempo e os a segunda metade.

4.- Continua os enunciados usando diferentes procedementos de substitución léxica, seguindo o modelo.

MODELO: Encontraron unha vaca morta do outro lado da cancela.
 A res saltara sorprendentemente o valado, feríndose de xeito brutal.

- Antón saíu onte de paseo e viu unhas amigas.

.....
 - Os prezos dos cadros volven a subir nas poxas de todo o mundo.

.....
 - O encargado de negocios foi ascendido rapidamente polo xefe de sección.

.....
 - María anda con serios problemas de voz e perdeu o seu lugar na compañía.

.....
 - As probas realizadas coas mostras extraídas dos chimpancés resultaron negativas.

.....
 - As caras das vítimas impresionaron a todo o mundo.

5.- Indica o tipo de referencias que cohesionan os seguintes enunciados.

- Xoán e María casaron onte. Ían eles moi guapos, aínda máis que noutras ocasións. Á fin de contas era a súa voda.
- Bateu na porta berrando polo gardían. "Que quere?", díxolle este tan axiña como abriu, con grande estrépito de ferraganchos.
- Cando ía entrar na oficina lembrou que esquecera a carteira enriba da mesa do bar. Dúbidou se valería a pena volver alí porque con seguridade xa non estarían nese lugar.
- A súa filla chamou para ver se a podía ir buscar. Non lle quedaban cartos para un taxi e o autobús deixábaa bastante lonxe da súa casa.

6.- Partindo dos seguintes enunciados, elabora un texto coherente e ben cohesionado.

- O teixo común é unha árbore perennifolia do grupo das coníferas.
- O nome científico do teixo común é *Taxus baccata* L.
- O teixo común pode acadar os dez metros de altura.
- Todas as partes do teixo común conteñen principios velenosos.
- Hai unha lenda negra en torno ao teixo.

- A crenza de que o teixo era velenoso contribuíu ao retroceso do teixo.
- O teixo é a árbore máis lonxeva das existentes en Galiza.
- O teixo pode superar os dous mil anos de idade.
- En Galiza non se encontran teixos moi vellos.
- En Galiza destacan o teixo de Pontedeume e o teixo de Piornedo.
- O teixo de Piornedo está datado en máis de setecentos anos.
- O teixo de Pontedeume ten un diámetro de 13 m.
- O teixo é apreciado pola excelente calidade da súa madeira.
- Hai unha década descubriuse na cortiza do teixo unha substancia de uso farmacéutico.

Respostas.

1.- Identifica os esquemas de progresión nos seguintes fragmentos.

a) A casa grande é a vivenda rural completamente evolucionada e procedente directamente da *villa* romana. Coma ela, presenta unha economía pechada; isto é, é autosuficiente e conta con caseiros, traballadores e criados. [Progresión de tema constante.](#)

b) As dependencias da casa grande distribúense entre o primeiro piso e a planta terrea. A cociña encóntrase no primeiro andar; é a peza fundamental da casa. Normalmente esta dependencia é grande, con cheminea, mesa, bancos e tallos. As outras dependencias do primeiro andar están polo xeral coas trabes ao aire, as paredes branqueadas con cal e con máis e maiores ventás que nas outras casas. As dependencias da planta terrea destínanse aos usos máis variados: cortes para o gando, adega, lagar para a elaboración do viño... O alpendre sitúase no patio. A súa función primordial é a de gardar leña. O alpendre serve nalgúns ocasións para a instalación do forno. [Progresión de temas derivados.](#)

c) O acceso á casa realízase a través do patio. Este serve de punto de partida a unha escaleira, polo xeral de pedra, que conduce a un corredor. A este corredor ábrense varias portas que comunican cos departamentos interiores. Estes, á súa vez presentan unha comunicación interior. [Progresión de tema lineal ou de temas enlazados.](#)

2.- Completa os enunciados coas preposicións e conxuncións necesarias para que presenten coherencia.

a) Deitei a nena [aínda que](#) creo que xa durmía [cando](#) cheguei ao final do corredor [porque](#) esta rapaciña queda durmida cunha facilidade extraordinaria.

b) Díxenlle [que](#) ía facer algo para cear con el; [a pesar de que](#) el nunca me convidara a min. Eu non son rancoroso, [así que](#) dirixinme á cociña para comezar.

c) Comezaba a escurecer cando chegou; [mesmo](#) case se pode dicir que era xa noite [cando](#) el apareceu tan campante, a esas horas, despois de estar todo o día desaparecido, [coma](#) se nada. Cando o pai o viu [a pesar](#) do cariño que lle tiña, non puido evitar darlle unha labazada.

3.- Completa o texto cos procedementos de substitución léxica adecuados:

a) Un terremoto sacode Colombia co saldo de decenas de mortos. O forte [sismo](#) que onte sacudiu Colombia tivo un saldo provisional de 16 mortos e centos de feridos. O [tremor](#) produciuse ás 13h.45 hora local e tivo unha intensidade de 6,4 graos na escala de Richter.

b) Devolto ao mar un delfín que varou na praia da Lanzada. Un [golfinho](#) de algo máis dun metro de lonxitude foi devolto ao mar tras ser atopado varado na praia da Lanzada. O [arroaz](#) foi descuberto arredor das nove da mañá; só dúas horas despois era empurrado á auga por algúns veciños. O [cetáceo](#) non lograba afastarse por si só da costa, polo que finalmente tivo que acabar sendo remolcado.

c) Táboas no derbi catalán. Un agresivo Espanyol e un Barcelona máis técnico asinaron xustas táboas no derbi disputado en Cornellá. Foi un partido no que os [blaugrás](#) xogaron mellor

o primeiro tempo e os *periquitos* a segunda metade.

4.- Continua os enunciados usando diferentes procedementos de substitución léxica, seguindo o modelo.

MODELO: Encontraron unha vaca morta do outro lado da cancela.
 A res saltara sorprendentemente o valado, feríndose de xeito brutal.

- Antón saíu onte de paseo e viu unhas amigas.
As mozas propuxéronlle ira con elas ao cinema.
- Os prezos dos cadros volven a subir nas poxas de todo o mundo.
O valor das obras de arte non para de ascender.
- O encargado de negocios foi ascendido rapidamente polo xefe de sección.
A fulminante promoción foi debida ao seu éxito nas vendas.
- María anda con serios problemas de voz e perdeu o seu lugar na compañía.
O grupo de teatro non lle renovou o contrato a causa dos seus problemas de saúde.
- As probas realizadas coas mostras extraídas dos chimpancés resultaron negativas.
As análises feitas *aos primates* demostraron que estaban en perfecto estado de saúde.
- As caras das vítimas impresionaron a todo o mundo.
 Era difícil non comoverse coa visión deses *rostros*.

5.- Indica o tipo de referencias que cohesionan os seguintes enunciados.

- Xoán e María casaron onte. Ían eles moi guapos, aínda máis que noutras ocasións. Á fin de contas era a súa voda. *Referencias gramaticais persoais.*
- Bateu na porta berrando polo gardían. "Que quere?", díxolle este tan axiña como abriu, con grande estrépito de ferraganchos. *Referencia gramatical demostrativa e elipse.*
- Cando ía entrar na oficina lembrou que esquecera a carteira enriba da mesa do bar. Dúbidou se valería a pena volver alí porque con seguridade xa non estarían nese lugar. *Referencias gramaticais demostrativas.*
- A súa filla chamou para ver se a podía ir buscar. Non lle quedaban cartos para un taxi e o autobús deixábaa bastante lonxe da súa casa. *Referencias gramaticais persoais.*

6.- Partindo dos seguintes enunciados, elabora un texto coherente e ben cohesionado..

- O teixo común é unha árbore perennifolia do grupo das coníferas.
- O nome científico do teixo común é *Taxus baccata L.*
- O teixo común pode acadar os dez metros de altura.
- Todas as partes do teixo común conteñen principios venenosos.
- Hai unha lenda negra en torno ao teixo.
- A crenza de que o teixo era venenoso contribuíu ao retroceso do teixo.
- O teixo é a árbore máis lonxeva das existentes en Galiza.

- O teixo pode superar os dous mil anos de idade.
- En Galiza non se encontran teixos moi vellos.
- En Galiza destacan o teixo de Pontedeume e o teixo de Piornedo.
- O teixo de Piornedo está datado en máis de setecentos anos.
- O teixo de Pontedeume ten un diámetro de 13 m.
- O teixo é apreciado pola excelente calidade da súa madeira.
- Hai unha década descubriuse na cortiza do teixo unha substancia de uso farmacéutico.

O teixo (*Taxus baccata* L.) é unha árbore perennifolia do grupo das coníferas que pode acadar os dez metros de altura. Todas as partes do teixo común conteñen principios velenosos, o que lle creou unha lenda negra e contribuíu ao seu retroceso. É a árbore máis lonxeva das existentes en Galiza (pode superar os dous mil anos de idade), a pesar de que no noso país non hai exemplares moi vellos. Destacan o de Piornedo, datado en máis de setecentos anos, e o de Pontedeume, que presenta un diámetro de 13 metros. O teixo é tamén apreciado pola excelente calidade da súa madeira e por posuír na cortiza unha substancia de uso farmacéutico.